



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
T. 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

En Muros, na data da sinatura dixital, a Sra. alcaldesa do Concello de Muros, Da. María Inés Monteagudo Romero, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

BASES XERAIS DE REGULACIÓN DOS CAMPAMENTOS CONCILIA VERÁN E CAMPAMENTOS DE VERÁN MUNICIPAIS PARA O ANO 2023

Campamentos Concilia Verán

Artigo 1. Solicitude e prazo

1.1. O prazo de solicitude de inscrición establécese do seguinte xeito:

- Solicitude de inscrición: das 8.30 h do 15 de maio ata as 14.00 h do 1 de xuño.
- Horario de presentación das solicitudes de xeito presencial no Rexistro Municipal: de 9.00 h a 14.00 h.
- Sorteio: 6 de xuño (en presenza da Secretaría municipal no suposto de que o número de solicitudes supere ao número de prazas dispoñibles).

O sorteo será público e terá lugar no salón de plenos do concello ás 10.00 h da mañá.

1.2. Tipos de solicitude:

- Poderá presentarse unha solicitude individual ou múltiple para o suposto de irmáns/ás.

Como cubrir a solicitude:

- Cada solicitante cubrirá unha solicitude e elixirá o máximo de unha (1) quenda.
- A persoa solicitante será a nai, pai, titor ou titora legal.
- A/as persoa/s participantes serán o/a os/as neno/a nenos/as.
- No caso das solicitudes múltiples, deberanse cubrir os datos de todos os irmáns ou irmás que solicitan a súa participación que serán os/as participantes.
- A presentación da solicitude implica a aceptación das normas do procedemento.
- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do seguinte formulario dispoñible na seguinte ligazón:

<https://forms.gle/MoKH2qjNTiKfTDRh8>



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
T. 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

1.3. A adxudicación pode ser:

- Directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda.
- Por sorteo, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda.
- Deberase aceptar a praza e presentar a documentación requirida (artigo 3.2.) nun prazo máximo de 2 días naturais desde a publicación da acta coas persoas admitidas, de non ser así será excluído/a.
- As persoas solicitantes que se atopen na lista de agarda da súa primeira prioridade pero foran admitidas na súa segunda prioridade, contarán con 4 días naturais para a súa aceptación.
- Así mesmo, dará lugar a unha lista de espera para cada unha das quendas.

1.4. Terán prioridade os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Muros, con data de empadramento anterior á aprobación destas bases. No caso de que non se completaran as prazas, estas poderán ser ocupadas por nenos/as non empadroados/as no Concello de Muros.

1.5. Ponderase presentar solicitudes de participación tanto nos Campamentos Concilia Verán como nos Campamentos de Verán.

1.6. No caso de que a/as persoas participante/s sexa seleccionada no Campamento Concilia Verán e tamén presentara unha solicitude de participación nos Campamentos de Verán, esta última quedará anulada automaticamente.

1.7. No caso de que aparezan solicitudes presentadas por diferentes solicitantes, pero na que parte ou todas as persoas participantes sexan as mesmas, serán anuladas automaticamente.

Artigo 2. Idades, quendas e horarios

2.1. Idades

- Nenas/os nadas/os nos anos 2015, 2016, 2017, 2018, 2019

2.2. Número de prazas por quenda: 6

2.3. As quendas establécense do seguinte xeito:

- Xullo en Muros



Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
T. 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CONCELLO DE MUROS

- Xullo en Esteiro
- Agosto en Muros
- Agosto en Esteiro

A persoa participante só poderá participar nunha quenda.

2.4. Horario:

- Entrada: de 9.00 h a 10.00 h
- Saída: de 13.00 h a 14.00 h

De luns a venres na quenda que corresponda, os días festivos non terá lugar a actividade.

2.5. Lugares:

- Muros: Pavillón de Miraflores ou Centro San Xosé
- Esteiro: Pavillón Xosé Lago

Artigo 3. Requisitos e documentación

3.1. Para poder asistir aos campamentos é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes.
- Priorizaranse aos nenos e as nenas daquelas unidades familiares na que ambos proxenitores teñan vixente unha relación laboral en horario de mañá.

3.2. Documentación:

- Será requirida, unha vez sexa concedida a praza, a seguinte documentación:
 - Libro de familia e DNI do pai, da nai ou do titor
 - Tarxeta sanitaria
 - Vida laboral de ambos proxenitores, ou do proxenitor, no caso de familias monomarentais/monoparentais
 - No caso de persoas con discapacidade deberán presentar un certificado acreditativo do grao de discapacidade
- A documentación complementaria para a adxudicación deberá presentarse electronicamente.



Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
T. 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CONCELLO DE MUROS

- No caso de non presentala no prazo de 2 días naturais desde a publicación da acta coas persoas admitidas, será excluída. Excepto as persoas solicitantes que se atopen na lista de agarda da súa primeira prioridade pero foran admitidas na súa segunda prioridade, que contarán con 4 días naturais para a súa aceptación.

3.3. No caso de que o/a neno/a padeza algunha necesidade especial farase constar na solicitude de participación.

Artigo 4. Obrigacións

As persoas beneficiarias das prazas están obrigadas a:

- Respetar os horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable.
- Respetar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións, as relativas ao cumprimento de medidas persoais de hixiene e sanitarias.
- No caso de incomparecencia ou de non acudir á actividade de forma habitual sen xustificación, a persoa beneficiaria poderá ser penalizada nas próximas actividades de características similares (campamentos de Nadal, Semana Santa...).

Artigo 5. Equipo recomendado

- Equipamento deportivo: gorra, suadoiro, camiseta deportiva, pantalóns curtos, zapatillas cómodas, traxe de baño...
- Toalla
- Anteollos para o sol
- Crema para o sol, factor de protección alto
- Mochila pequena
- Botella de auga e unha pequena merenda para a media mañá

Artigo 6. Máis información

Poderase requirir:



Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
T. 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CONCELLO DE MUROS

- No departamento de servizos sociais do Concello de Muros no teléfono 981 762 411 ou nas oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros no teléfono 981 762 294.
- Na páxina web www.muros.gal



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
T. 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- Campamentos de Verán

Artigo 1. Solicitudes, prazo e tipos

1.1. O prazo de solicitude de inscrición establécese do seguinte xeito:

- Solicitude de inscrición: das 8.30 h do 15 de maio ata as 14.00 h do 1 de xuño.
- Horario de presentación das solicitudes de xeito presencial no Rexistro Municipal: de 9.00 h a 14.00 h.
- Sorteio: 13 de xuño (en presenza da Secretaría municipal no suposto de que o número de solicitudes supere ao número de prazas dispoñibles).

O sorteo será público e terá lugar no salón de plenos do concello ás 10.00 da mañá.

1.2. Tipos de solicitude:

- Poderá presentarse unha solicitude individual ou múltiple para o suposto de irmáns/ás.

Como cubrir a solicitude:

- Cada solicitante cubrirá unha solicitude e elixirá, por orde de prioridade, un máximo de tres (3) quendas.
- No caso das solicitudes múltiples, deberanse cubrir os datos de todos os irmáns ou irmás que solicitan a súa participación que serán os/as participantes.
- A presentación da solicitude implica a aceptación das normas do procedemento.
- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do seguinte formulario dispoñible na seguinte ligazón:

<https://forms.gle/4vpxi8cTi3EWc5BV6>

1.3. A adxudicación pode ser:

- Directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda.
- Por sorteo, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda.



Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
T. 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CONCELLO DE MUROS

- Deberase aceptar a praza e presentar a documentación requirida (artigo 3.2.) nun prazo máximo de 2 días naturais desde a publicación da acta coas persoas admitidas, de non ser así será excluído/a.
- As persoas solicitantes que se atopen na lista de agarda da súa primeira prioridade pero foran admitidas na súa segunda prioridade, contarán con 4 días naturais para a súa aceptación.
- Así mesmo, dará lugar a unha lista de espera para cada unha das quendas.

1.5. Terán prioridade os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Muros. No caso de que non se completaran as prazas, estas poderán ser ocupadas por nenos/as non empadroados/as no Concello de Muros.

1.6. No caso de que aparezan solicitudes presentadas por diferentes solicitantes pero cun ou máis participantes iguais, todas as solicitudes quedarán anuladas automaticamente.

Artigo 2. Idades, quendas e horario

2.1. Idades

Nenas/os nadas/os nos anos 2019, 2018, 2017, 2016, 2015, 2014, 2013, 2012 e 2011

2.2. Número de nenos/as por quenda: máximo de 14

2.2. As quendas establécense do seguinte xeito:

En xullo:

- Muros: do 3 ao 14 de xullo
- Esteiro: do 3 ao 14 de xullo
- Muros: do 17 ao 31 de xullo
- Esteiro: do 17 ao 31 de xullo

En agosto:

- Muros: do 1 ao 14 de agosto
- Esteiro: do 1 ao 14 de agosto
- Muros: do 16 ao 31 de agosto
- Esteiro: do 16 ao 31 de agosto



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
T. 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

A persoa solicitante só poderá participar nunha quenda.

2.3. Horario:

- Entrada: entre as 9.00 e as 10.00 h
- Saída: entre as 13.00 e as 14.00 h

De luns a venres na quenda que corresponda, os días festivos non terá lugar a actividade.

2.4. Lugares:

- Muros: Pavillón de Miraflores ou no Centro San Xosé
- Esteiro: Pavillón Xosé Lago

Artigo 3. Requisitos

3.1. Para poder asistir aos campamentos é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes ás diferentes quendas.

3.2. Documentación:

- Será requirida, unha vez sexa concedida a praza, a seguinte documentación:
 - Libro de familia e DNI do pai, da nai ou do titor
 - Tarxeta sanitaria
 - No caso de persoas con discapacidade deberán presentar un certificado acreditativo do grao de discapacidade
- A documentación complementaria para a adxudicación deberá presentarse electronicamente.
- No caso de non presentala no prazo de 2 días naturais desde a publicación da acta coas persoas admitidas, será excluída. Excepto as persoas solicitantes que se atopen na lista de agarda da súa primeira prioridade pero foran admitidas na súa segunda prioridade, que contarán con 4 días naturais para a súa aceptación.

3.3. O pai, nai ou titor/a deberá cumprimentar a pertinente autorización de participación.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
T. 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

3.4. Calquera circunstancia que non apareza nestas bases será tratada de maneira individual, previa solicitude da persoa interesada (así como calquera circunstancia de carácter especial que se puidera producir).

3.5. No caso de que o/a neno/a padeza algunha necesidade especial farase constar na solicitude de participación.

Artigo 4. Obrigacións

As persoas beneficiarias das prazas están obrigadas a:

- Respetar os horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable.
- Respetar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións, as relativas ao cumprimento de medidas persoais de hixiene e sanitarias.
- No caso de incomparecencia ou de non acudir á actividade de forma reiterada sen xustificación, a persoa beneficiaria poderá ser penalizada nas próximas actividades de características similares (campamentos de Nadal, Semana Santa...).

Artigo 5. Máis información

Poderase requirir:

- No departamento de servizos sociais do Concello de Muros no teléfono 981 762 411 ou nas oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros no teléfono 981 762 294.
- Na páxina web www.muros.gal

Documento asinado dixitalmente.

A alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero

A secretaria

Mónica Dosil Freire